

\* 20% para os abonos de 50 viaxes simples ao mes.

2. Viaxes con orixe e destino comprendidas nas áreas de transporte metropolitano.

\* A tarifa dos servizos aboados con tarxeta de transporte metropolitano ou tarxeta de transporte urbano homologada será, igualmente, de 1,05 euros.

Sen prexuízo dos réximes tarifarios específicos que se poidan establecer para efectos de coordinación dos transportes urbanos e interurbanos, os usuarios aboarán 0,67 euros.

A dita contía verase complementada coas subvencións establecidas nos convenios interadministrativos e as achegas dos operadores de transporte recollidas nos contratos-programa.

\* Abono do servizo con outros medios de pagamento: 1,15 euros.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2005.

María José Caride Estévez

Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia.*

Pola súa actividade e as súas capacidades, as universidades galegas son o principal actor científico e xerador de coñecemento na Comunidade Autónoma de Galicia. Tendo en conta, o marco global e competitivo en que opera a economía actual, no cal se require un desenvolvemento fortemente sustentado no coñecemento, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece como un dos eixes estratéxicos da súa acción política no ámbito do sistema universitario promover a calidade e eficiencia da proxección científica e tecnolóxica e a proxección social e económica do coñecemento xerado.

A necesidade de afrontar os novos retos que se presentan coa implementación dos espazos europeos de educación superior e da investigación, e o avance dunha sociedade baseada no coñecemento, requiren un importante esforzo no incremento da función investigadora de profesores-investigadores e do seu potencial nas universidades.

A Orde ECI/1520/2005, do 26 de maio, do Ministerio de Educación e Ciencia, establece o programa de incentivación da incorporación e intensificación

da actividade investigadora (programa I3), no marco do plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2004-2007. Segundo a devandita orde, as comunidades autónomas xestionarán estas axudas, nos termos establecidos no protocolo xeral de colaboración e nos convenios específicos que se asinen co Ministerio de Educación e Ciencia. No caso galego, o protocolo foi asinado o 20 de outubro de 2005 e o convenio específico o 22 de decembro de 2005.

O programa I3 establece dúas liñas de actuación, a liña de incorporación estable e a liña de intensificación. A liña de intensificación, que se complementa con esta orde, favorece a intensificación da actividade investigadora, para os efectos de maximizar a capacidade e produtividade investigadora dos científicos e grupos de investigación en todos os seus aspectos e incentivar, pola súa vez, aos novos talentos. Para iso, incentívase o incremento da dedicación á actividade de investigación, favorecendo que os profesores-investigadores poidan dedicarse prioritariamente á investigación na súa universidade ou en centros de I+D, segundo os requisitos establecidos no programa.

Segundo estes obxectivos, e coa dobre finalidade de estimular as actividades de investigación de calidade nos profesores-investigadores do sistema universitario de Galicia e dos grupos de investigación a que están asociados, e de atender o compromiso establecido no convenio co ministerio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece o programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia, para o que

#### *DISPÓN:*

Artigo 1º.-Finalidade do programa.

Esta orde establece as bases que regulan en réxime de publicidade, obxetividade e concorrencia competitiva a concesión de axudas para estimular as actividades de investigación de calidade dos profesores-investigadores do sistema universitario de Galicia e dos grupos de investigación a que están asociados, favorecendo a intensificación da súa actividade investigadora, para os efectos de maximizar a súa capacidade e produtividade científica e tecnolóxica no marco dos obxetivos e prioridades que establece o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Para iso, incentívase o incremento da dedicación á actividade de investigación, favorecendo que os profesores-investigadores poidan dedicarse prioritariamente á función de investigación na súa universidade ou en centros de I+D, segundo os requisitos establecidos no programa. Para o desenvolvemento desta liña de actuación, e co fin de garantir que a docencia minorada se imparta con calidade, proporciónanse ás universidades e, de ser o caso, a outros centros de I+D os correspondentes recursos.

### Artigo 2º.-Obxectivos do programa.

O programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia créase cos seguintes obxectivos:

-Establecer unha vía de apoio directo aos profesores-investigadores que por razón da súa actividade científica e tecnolóxica requiran incrementar a súa dedicación intensiva á función de investigación.

-Facilitarlles ás universidades a axuda necesaria para que os profesores-investigadores con actividade científica e tecnolóxica relevante e estratéxica poidan intensificar a súa dedicación a actividades de investigación no contexto da propia universidade.

-Incentivar as universidades e os profesores universitarios para que procuren a excelencia nas súas funcións investigadoras.

### Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poden optar ao programa os profesores-investigadores que desenvolvan a súa actividade de investigación nas universidades do sistema universitario de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá anualmente e mediante convocatoria, o número e contía das axudas que se vaian conceder. Ademais, nesa convocatoria establecerá os requisitos específicos dos candidatos tendo en conta:

a) Experiencia e calidade da actividade investigadora, atendendo aos resultados de produción científica e transferencia de coñecemento.

b) Obxectivos estratéxicos asociados á actividade de investigación que debe ser intensificada.

### Artigo 4º.-Efecto e contido da axuda.

O profesor-investigador reducirá a súa dedicación á docencia durante o período dun ano. Durante este tempo dedicarase prioritariamente ás actividades de investigación propostas e na súa universidade de procedencia.

A universidade de procedencia recibirá unha compensación económica, na contía que se determine na convocatoria de cada ano, destinada aos seguintes conceptos:

a) En todo caso, a cobertura dos custos de substitución do tempo de docencia do profesor-investigador que recibirá a intensificación, de xeito que se garanta a cobertura da docencia minorada.

b) Se procede, a contratación de persoal de apoio que fose necesario para o desenvolvemento, xestión ou promoción da súa actividade investigadora.

c) Se procede, a cobertura dos custos de expertos ou investigadores de alto nivel que puidesen ser necesarios para o desenvolvemento da actividade investigadora que xustifica a intensificación.

d) Outros custos que sexan necesarios para contribuír á intensificación da investigación formulada.

O pagamento da devandita compensación farase efectivo unha vez que a universidade teña formalizado o convenio anual correspondente coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en que deberá incluírse a conformidade do profesor-investigador seleccionado respecto do destino da compensación económica estipulada no punto anterior, así como o seu compromiso de especial dedicación á investigación.

Artigo 5º.-Formalización de solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes serán presentadas polo profesor-investigador que vaia intensificar o seu labor investigador, que deberá pertencer a unha das universidades do sistema universitario de Galicia, e cumprir os requisitos que se establezan na orde de convocatoria.

O modelo oficial, que se achegará coa orde de convocatoria anual, estará ao dispor dos interesados nas dependencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na internet no enderezo: <http://www.edu.xunta.es>. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992. Para os currículos dos investigadores que non se acheguen coa solididade, a dirección xeral competente na materia tomará en consideración os dispoñibles no Rexistro de Investigación de Galicia (RIGA).

As solicitudes deberánelles xuntar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento equivalente no caso de ser nacional doutro país membro da Unión Europea ou da tarxeta de residente, no caso de nacionais doutros países.

b) Documentos que, de ser o caso, acrediten a necesidade da intensificación da actividade investigadora.

c) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, consonte o documento que se inclúa no modelo de solicitude.

d) O currículo do investigador, que, de non ser xuntado, poderá ser obtido do Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA).

e) Calquera outra documentación que por razóns da convocatoria específica deba ser requirida para a avaliación correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente orde de convocatoria no DOG.

Artigo 6º.-Tramitación.

Os servizos da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG comprobaran que todas

as solicitudes reúnen os requisitos establecidos na orde de convocatoria, e pola súa parte a Comisión de Avaliación a que se refire o artigo 7º destas bases analizará se procede concederlles a intensificación aos candidatos.

Se a documentación achegada estivese incompleta, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG requirirá ao solicitante para que, no prazo de dez días, complete a documentación ou emende as deficiencias con advertencia de que, de non facelo considerárase que desistiu da súa solicitude, procedéndose conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Artigo 7º.-Avaliación e selección dos candidatos.

A selección dos candidatos será efectuada por unha Comisión de Avaliación integrada por:

-6 investigadores de recoñecido prestixio que exerzan a súa actividade científica fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e designados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-1 representante da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria.

-1 representante da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A comisión deberá prever a representación dos ámbitos das ciencias, ciencias da saúde, enxeñaría e arquitectura, ciencias xurídicas e sociais e humanidades, e exercer as súas funcións de acordo cos principios de obxectividade, rigor científico e confidencialidade das deliberacións.

A comisión poderá contar, se fose o caso, coa asistencia de expertos de recoñecido prestixio nacional e internacional nas diferentes áreas de investigación dos candidatos, sempre que o considere necesario para o mellor exercicio das súas funcións, estes expertos actuarán con voz e sen voto.

A Comisión de Avaliación tamén acordará cal será o proceso interno de valoración das candidaturas, que debe culminar cunha valoración global e final da excelencia do historial académico do candidato feita por todos os seus membros, así como a valoración do proxecto de intensificación proposto. En calquera caso, a Comisión de Avaliación atenderá aos criterios de excelencia científica e tecnolóxica, aos obxectivos do Plan nacional de I+D+I e da política de investigación da Xunta de Galicia, así como a diversidade entre os ámbitos de coñecemento.

A axuda técnica e administrativa á Comisión de Avaliación correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 8º.-Trámite de audiencia e proposta de resolución.

De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992 e co obxecto de realizar o necesario

trámite de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG publicará na súa páxina web a relación de axudas propostas, e concederalles a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación na web para que poidan formular as alegacións que consideren oportunas.

Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestimento. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións.

Examinadas, de ser o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a Comisión de Selección formulará a proposta de resolución definitiva que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

Artigo 9º.-Resolución.

A Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG elevará a proposta de resolución á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para que resolva. Esta resolución publicarase no DOG e, nos casos que proceda, no BOE.

Unha vez resolta a convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades formalizarán convenios de colaboración anuais para o efecto de establecer os vínculos necesarios para facer plenamente efectivos os obxectivos do programa.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro da correspondente convocatoria será de 6 meses, contados desde a apertura do prazo de presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa no devandito prazo as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimatoria por silencio administrativo, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 10º.-Obrigas dos profesores-investigadores beneficiarios e seguimento.

O profesor-investigador beneficiario da intensificación debe elaborar unha memoria da actividade de investigación que efectúese ou dirixise durante o período de intensificación, e debe poñela á disposición do reitor da súa universidade e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Igualmente, a concesión da axuda de intensificación comporta a obriga do beneficiario de facer constar, en calquera publicación referida á actividade de investigación realizada, a expresión «co apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia».

Os contratos financiados con cargo a esta convocatoria serán incompatibles coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do investigador contratado.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 29 de novembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Frinova, S.A.*

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Frinova, S.A.*, con nº de código 3601542, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 19-10-2005, suscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, en data 8-7-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### *ACORDA:*

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación

ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 29 de novembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas

Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo de *Frinova, S.A.*  
para o ano 2005

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio terá aplicación no centro de traballo de *Frinova, S.A.*, sito no polígono industrial das Gándaras parcela número 9, O Porriño-Pontevedra.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Este convenio afecta a totalidade do persoal de *Frinova, S.A.*, sito no polígono industrial das Gándaras, parcela número 9, O Porriño-Pontevedra, existente no momento da súa sinatura, así como o que ingrese posteriormente na empresa.

Artigo 3º.-Vixencia.

O convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005 e cun período de vixencia até o 31 de decembro de 2005, e será denunciado por escrito ao menos cun mes de anticipación á data do seu vencemento; en caso contrario, prorrogarase por períodos anuais sucesivos.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as condicións económicas establecidas neste convenio teñen carácter de mínimas e figurarán nas táboas salariais anexas.

Terán carácter de absorbibles aquelas melloras que durante a vixencia do convenio e por disposicións legais se puideren establecer.

Salvo o especificado nos artigos 22º e 23º deste convenio, quen viñese disfrutando dalgunha ou algunhas condicións máis beneficiosas que as que aquí se establecen, deberá conservalas.

O disposto neste artigo non afecta o disposto na regulación do complemento de presenza, que soamente se percibirá nos supostos previstos no artigo 29º.

Artigo 5º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación e vixilancia das condicións pactadas neste convenio, crearase unha comisión paritaria composta por tres membros de cada unha das partes, social e económica.

Pola parte social, comporase do presidente do comité e un representante de cada central sindical con representación.

Cando para a resolución de calquera asunto non exista acordo, será a Maxistratura de Traballo competente a que decida.